

## 2.5. desenvolvemento empresarial

O CAPÍTULO DEDICADO Á ANÁLISE DO desenvolvemento empresarial está dividido en tres grandes partes. A primeira delas analiza o número de empresas activas en Galicia segundo os datos do Directorio Central de Empresas (Dirce) do INE e do Directorio de Empresas e Unidades Locais de Galicia 2002 publicado polo IGE.

O número de empresas activas en Galicia a 1 de xaneiro de 2004 medrou un 4,0% ó longo do ano 2003, acadando as 180.977 empresas (o 6,2% do total de empresas activas en España). Atendendo á condición xurídica das sociedades case dúas terceiras partes das mesmas corresponden a persoas físicas, seguíndolle en importancia as SRL, que supoñen en torno ó 27% das empresas. A estrutura da poboación de empresas caracterízase polo peso do sector servizos, que acolle máis de tres cuartas partes das empresas activas (140.617 empresas), en tanto que as empresas do sector da construción supoñen o 14,0% das empresas activas (25.360 empresas) e as actividades industriais o 8,3% (15.077 empresas).

Segundo os datos do *Directorio de Empresas de Galicia* presentado polo IGE, do total das 174.503 empresas que realizan algunha actividade en Galicia a 1 de xaneiro 2002 (un 1,3% máis que no mesmo período do ano anterior), tiñan a súa sede social no territorio galego 170.914 empresas (1,0% máis) e 3.589 empresas (un 20,0% máis que no ano anterior) a tiñan fóra de Galicia.

Na segunda parte faise referencia ós datos presentado polo Rexistro Mercantil Central, salientando que ó longo de 2003 constituíronse 5.405 sociedades (o 4,4% das sociedades constituídas en España). Comparado co ano anterior, experimentábase unha medra no número de constituicións de sociedades nun 1,4% (72 sociedades máis) respecto ó ano anterior. A meirande parte das empresas creadas en Galicia tivo a forma de sociedade limitada (o 91,7%) e só un 1,7% foron sociedades anónimas. Neste ano 2003 rexistráronse nove suspensións de pagamentos, o 4,5% das producidas en España, e 17 quebras, un 2,5% das acontecidas no conxunto do Estado.

Finalmente, tendo en conta a metodoloxía seguida por Ardán, analízanse distintos cualificadores dos trazos de competitividade das empresas galegas, agrupándose en “empresas gacela”, “empresas de alto rendemento”, “empresas xeradoras de riqueza” ou empresas de alta produtividade”. Asemade, preséntanse unha serie de datos de empresas con certificación de calidade.

### Datos Dirce<sup>(1)</sup>

O número de **empresas activas** en Galicia medrou ó longo de 2003 un 4,0% ata acadar as 180.977 empresas a 1 de

xaneiro de 2004, o que representa o 6,2% do total de empresas activas nese período no conxunto estatal. Comparado coas outras comunidades autónomas, Galicia segue a se-la quinta comunidade con maior número de empresas tras Cataluña (acolle o 18,5% das empresas españolas), Andalucía (o 15,0%), Madrid (o 14,8%) e a Comunidade Valenciana (10,7%).

Ó contrario do acontecido no ano anterior en Galicia, o incremento do número de empresas activas en 2003 foi, en termos porcentuais, inferior ó rexistrado no conxunto do Estado. Ó longo do ano 2003 esta medra foi seis décimas inferior á rexistrada en España, cando no ano anterior, o número de empresas activas en Galicia medrara un 5,0% fronte ó 3,8% de media en España.

A provincia de A Coruña é a que acolle o maior número de empresas activas a 1 de xaneiro de 2003, con 74.809 empresas (o 41,3% do total de empresas existentes), seguida de Pontevedra, con 61.571 empresas (34,0%), en tanto que Lugo e Ourense tiñan 22.479 (12,4%) e 22.118 (12,2%), respectivamente. Comparado coas cifras do ano anterior, o número de empresas medra nas catro provincias galegas, salientando o crecemento experimentado en Pontevedra e A Coruña, cun 5,5% (3.198 empresas) e 4,3% máis (3.061 empresas máis).

Atendendo á súa **distribución sectorial**, o sector servizos acolle máis de tres cuartas partes das empresas activas, 140.617 empresas (54.852 pertencentes ó subsector comercio), fronte ás 25.360 empresas do sector da construción (un 14,0%) e 15.077 empresas industriais (8,3%). No conxunto do Estado estas por-

(1) O DIRCE cubre tódalas actividades económicas agás a produción agraria e pesqueira, os servizos administrativos da Administración Central, Autónoma e Local (incluída a Seguridade Social), as actividades das Comunidades de propietarios e o Servizo doméstico. A unidade básica de análise é a empresa, que se define como unha organización sometida a unha autoridade rectora que pode ser, segundo os casos, unha persoa física, unha persoa xurídica ou unha combinación de ámbalas dúas e constituída con miras a exercer nun ou varios lugares unha ou varias actividades económicas por conta dunha mesma empresa.

## 2.5.1.

Empresas existentes nas CC.AA. 2002-03 <sup>(1)</sup>

	2002		2003		03/02	
	CA / total	(%)	CA / total	(%)	CA / total	(%)
Andalucía	417.006	14,8	441.623	15,0	24.617	5,9
Aragón	82.750	2,9	85.814	2,9	3.064	3,7
Asturias	65.062	2,3	67.039	2,3	1.977	3,0
Baleares	75.951	2,7	85.425	2,9	9.474	12,5
Canarias	117.871	4,2	120.294	4,1	2.423	2,1
Cantabria	34.017	1,2	35.649	1,2	1.632	4,8
Castela-A Mancha	107.294	3,8	113.967	3,9	6.673	6,2
Castela e León	151.448	5,4	155.004	5,3	3.556	2,3
Cataluña	525.557	18,7	543.719	18,5	18.162	3,5
C. Valenciana	299.452	10,6	315.214	10,7	15.762	5,3
Extremadura	58.306	2,1	55.568	1,9	-2.738	-4,7
<b>Galicia</b>	<b>174.077</b>	<b>6,2</b>	<b>180.977</b>	<b>6,2</b>	<b>6.900</b>	<b>4,0</b>
Madrid	407.655	14,5	436.074	14,8	28.419	7,0
Murcia	75.973	2,7	82.484	2,8	6.511	8,6
Navarra	38.936	1,4	39.679	1,3	743	1,9
Pais Vasco	154.703	5,5	155.666	5,3	963	0,6
A Ríoxa	20.094	0,7	21.049	0,7	955	4,8
Ceuta e Melilla	7.007	0,2	7.338	0,2	331	4,7
<b>Total</b>	<b>2.813.159</b>	<b>100</b>	<b>2.942.583</b>	<b>100</b>	<b>129.424</b>	<b>4,6</b>

(1) os datos están referidos a 1 de xaneiro do ano seguinte  
 Fonte: INE, Directorio Central de Empresas

centaxes representan o 78,3% no sector servizos e o 13,3% e 8,4% no caso das empresas de construción e da industria.

Ó igual que acontecía no ano anterior, a medra do número de empresas rexístrase en tódolos sectores, salientando o do sector da construción, con 1.375 empresas máis (un 5,7%), fronte ás 1.120 empresas máis no caso do comercio (2,1%). O conxunto de empresas englobadas en “resto de servizos”, que engloba ás actividades de hostalería, transporte e comunicacións, inmobiliarias e de alugueiro, servizos empresariais, actividades educativas, sanitarias e de asistencia social, e outros tipo de actividades sociais, incluídos os servizos persoais, medra en 4.402 empresas (5,4% máis que no ano anterior).

Atendendo á desagregación por **ramas de actividade**, **cadro 2.5.2.**, as tres ramas de actividade máis importantes segundo o número de empresas son, ó igual que no ano anterior, as de “outro comercio polo miúdo de artigos novos en establecementos especializados”, con 19.422 empresas a un de xaneiro de 2004,

“establecementos de bebidas”, con 16.655 empresas, e “construción de inmobles e obras de enxeñaría civil”, con 14.200 empresas. Estas tres ramas de actividade concentran o 27,8% das empresas recollidas no Dirce.

No concernente ó **tamaño das empresas** galegas e a súa comparación co total estatal, o Dirce sinala que o 49,4% das empresas galegas son empresas sen asalariados (89.431 firmas), fronte ó 51,0% no ámbito estatal. Entre as empresas con asalariados, en Galicia un 30,3% das empresas galegas activas teñen un ou dous traballadores (54.801 empresas) e un 10,7% (19.310 empresas) teñen entre tres e cinco traballadores. No conxunto do Estado, estas porcentaxes son do 27,8% e do 10,3%, respectivamente.

Ó longo do ano 2003 o volume total de empresas medrou tanto no caso das empresas sen asalariados (1.709 empresas máis) como no das empresas con asalariados (con 5.191 empresas). Neste último caso cómpre salientalo crecemento experimentado polo número de empresas con un ou dous traballadores, con 3.159

2.5.2.

**Ramas de actividades empresariais máis importantes 2002-03** <sup>(1)</sup>

CNAE	Ramas de actividade	2002	2003	03/02
<i>(número de empresas)</i>				
45	Construcción	23.985	25.360	1.375
	Construcción xeral de inmobles e obras de enxeñería civil	13.442	14.200	758
51	Comercio por xunto e intermediarios do comercio, agás vehículos de motor e motocicletas	12.956	13.338	382
52	Comercio polo miúdo, agás o comercio de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores; reparación de efectos personais e enseres domésticos	35.354	36.017	663
	Comercio polo miúdo non realizado en establecementos	3.679	3.898	219
	Comercio polo miúdo de alimentos, bebidas e tabaco en establecementos especializados	6.824	6.838	14
	Outro comercio polo miúdo de artigos novos en establecementos especializados	18.866	1.942	-16.924
55	Hostelería	21.184	22.036	852
	Establecementos de bebidas	16.212	16.655	443
60	Transporte terrestre. Transporte por tuberías	12.153	12.088	-65
	Outro tipo de transporte terrestre	12.153	12.084	-69
74	Outras actividades empresariais	17.722	19.113	1.391
	Actividades xurídicas, de contabilidade, teneduría de libros, auditoría, asesoría fiscal, estudos de mercado e realización de enquisas de opinión pública; consulta e asesoramento sobre dirección e xestión empresarial, xestión de sociedades de carteira.	7.781	8.290	509

(1) os datos están referidos a 31 de decembro de cada ano  
 Fonte: INE, Directorio Central de Empresas

2.5.3.

**Empresas existentes en Galicia e España 2003: distribución segundo tamaño das empresas** <sup>(1)</sup>

	Total	Galicia			España	G/E	
		A Coruña	Lugo	Ourense			Pontevedra
<b>Sen asalariados</b>	89.431	38.746	10.914	11.432	28.339	1.500.396	6,0
<b>De 1 a 2 asalariados</b>	54.801	21.431	7.384	6.707	19.279	818.149	6,7
<b>De 3 a 5 asalariados</b>	19.310	7.550	2.357	2.224	7.179	303.783	6,4
<b>De 6 a 9 asalariados</b>	8.176	3.197	962	863	3.154	143.417	5,7
<b>De 10 a 19 asalariados</b>	5.319	2.202	522	532	2.063	98.245	5,4
<b>De 20 a 49 asalariados</b>	2.811	1.180	261	257	1.113	53.267	5,3
<b>De 50 a 99 asalariados</b>	643	281	42	63	257	13.470	4,8
<b>De 100 a 199 asalariados</b>	287	128	24	23	112	6.650	4,3
<b>De 200 a 499 asalariados</b>	132	60	7	10	55	3.590	3,7
<b>De 500 a 999 asalariados</b>	36	16	5	5	10	945	3,8
<b>De 1.000 a 4.999 asalariados</b>	29	17	1	2	9	592	4,9
<b>Máis de 5.000 asalariados</b>	2	1	-	-	1	79	2,5
<b>Total</b>	180.977	74.809	22.479	22.118	61.571	2.942.583	6,2

(1) os datos están referidos a 1 de xaneiro de 2004  
 Fonte: INE, Directorio Central de Empresas

empresas máis, e as que acollen entre tres e cinco asalariados, con 1.305 empresas máis. Ó igual que para o conxunto de empresas galegas, na construción e nos servizos medra o número de empresas con e sen asalariados, en tanto que na industria medra só o número de empresas con asalariados.

Atendendo á **distribución provincial** cómpre salientar, por unha banda, que A Coruña presenta o maior número de empresas nos diferentes estratos considerados no **cadro 2.5.3.** Doutra, o número

de empresas con asalariados, consideradas no seu conxunto, medrou nas catro provincias galegas, namentres que o número de empresas sen asalariados descendeu en Lugo, que presenta unha caída de 245 empresas activas.

Os datos do Dirce reflicten o predomínio da **condición xurídica** de persoas físicas que representa, **cadro C.2.15.** (*Empresas existentes 2003: distribución segundo a súa condición xurídica*), o 63,0% do total de empresas existentes en Galicia (114.039 empresas), fronte ó

## 2.5.4.

Empresas existentes a 1/1/2002: distribución segundo ramas de actividad (1)

	2001					2002					Total
	Galicia	Fóra de Galicia	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	Fóra de Galicia	Total	
<b>Sector industrial</b>	15.016	223	15.239	5.854	1.993	2.200	5.012	15.059	257	15.316	
<b>Industrias extractivas</b>	420	13	433	63	79	89	193	424	16	440	
Extracción de productos enerxéticos	8	1	9	2	4	-	-	6	1	7	
Extracción doutros produtos minerais agás produtos enerxéticos	412	12	424	61	75	89	193	418	15	433	
<b>Industria manufacturera</b>	14.447	174	14.621	5.691	1.891	2.098	4.791	14.471	201	14.672	
Industria da alimentación, bebidas e tabaco	2.800	39	2.839	931	460	583	790	2.764	45	2.809	
Industria téxtil e da confección	1.897	1	1.898	1.043	101	179	538	1.861	3	1.864	
Industria do coiro e do calzado	70	-	70	24	15	15	13	67	-	67	
Industria da madeira e da cortiza	1.865	6	1.871	653	257	317	644	1.871	11	1.882	
Industria do papel, edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados	982	25	1.007	474	82	56	384	996	25	1.021	
Refinado de petróleo e tratamento de combustibles nucleares	-	2	2	-	-	-	-	-	2	2	
Industria química	168	7	175	60	9	21	63	153	8	161	
Industria da transformación do caucho e materias plásticas	213	7	220	72	18	26	110	226	9	235	
Industrias doutros produtos minerais non metálicos	1.059	18	1.077	327	148	195	375	1.045	22	1.067	
Metalurxia e fabricación de produtos metálicos	2.408	19	2.427	859	398	364	821	2.442	21	2.463	
Industria da construción de maquinaria e equipo mecánico	505	18	523	211	75	38	189	513	24	537	
Industria de material e equipo eléctrico, electrónico e óptico	466	9	475	192	51	62	168	473	12	485	
Fabricación de material de transporte	508	14	522	156	47	21	308	532	14	546	
Industrias manufacturerais diversas	1.506	9	1.515	689	230	221	388	1.528	5	1.533	
<b>Producción e distribución de enerxía eléctrica, gas e auga</b>	149	36	185	100	23	13	28	164	40	204	
<b>Construción</b>	21.521	390	21.911	8.866	3.100	3.869	7.085	22.720	474	23.194	
<b>Sector servizos</b>	132.817	2.377	135.194	56.094	16.993	15.391	44.657	133.135	2.858	135.993	
<b>Venda, mantemento e reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores e artigos de uso doméstico</b>	53.983	1.064	55.047	21.317	6.884	6.409	18.928	53.538	1.288	54.806	
<b>Hostalería</b>	21.085	121	21.206	8.935	2.651	2.614	6.480	20.680	149	20.829	
<b>Transporte, almacenamento e comunicacións</b>	13.049	203	13.252	5.212	2.078	1.476	4.407	13.173	243	13.416	
<b>Intermediación financeira</b>	2.420	176	2.596	1.069	335	301	763	2.468	182	2.650	
<b>Actividades inmobiliarias e de alugueiro; servizos empresariais</b>	24.288	592	24.880	11.656	2.731	2.641	8.367	25.395	715	26.110	
<b>Educación</b>	2.732	48	2.780	1.190	301	269	895	2.655	65	2.720	
<b>Actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais</b>	5.686	53	5.739	2.476	747	570	1.752	5.545	66	5.611	
<b>Outras actividades sociais e de servizos prestados á comunidade; servizos persoais</b>	9.574	120	9.694	4.239	1.266	1.111	3.065	9.681	170	9.851	
<b>Total</b>	169.354	2.990	172.344	70.814	22.086	21.260	56.754	170.914	3.589	174.503	

(1) empresas con sede social en Galicia que na data de referencia realizan algunha actividade económica no territorio galego  
 Fonte: IGE, Directorio de Empresas de Galicia

27,1% (49.074 empresas) das sociedades de responsabilidade limitada ou o 2,2% (4.062 empresas) no caso das sociedades anónimas. Comparado co total estatal, o peso relativo das persoas físicas é do 6,6% (6,5% no ano anterior), e o das SRL do 5,8% (unha décima menos que no ano anterior).

En relación ó ano anterior, o incremento no número de empresas existente ven explicado fundamentalmente pola medra das empresas coa condición xurídica de persoas físicas e SRL, con 2.219 e 3.470 empresas máis. Pola contra, redúcese lixeiramente o número de sociedades cooperativas (38 empresas menos), e o das sociedades anónimas, con 3 empresas.

Ó contrario do acontecido no caso das sociedades de responsabilidade limitada, comunidades de bens e asociacións e outros tipos, onde as catro provincias galegas presentan unha medra do número de empresas activas, o número de sociedades cooperativas descende en tódalas provincias. Asemade, o número de sociedades anónimas activas descende en A Coruña e Ourense, o mesmo que o número de persoas físicas en Lugo.

Segundo os datos do *Directorio de Empresas de Galicia* (fonte: IGE), das 174.503 empresas que realizan algunha actividade en Galicia a un de xaneiro de 2002, un total de 170.914 empresas tiñan a súa sede social no territorio galego e 3.589 a tiñan fóra de Galicia. Comparado co ano anterior, o número de empresas medrou un 1,3% (2.159 empresas máis), sendo esta porcentaxe do 20,0% (599 empresas) no caso das empresas coa súa sede fóra de Galicia, e do 0,9% (1.560 empresas) no das empresas cons sede na comunidade autónoma.

Atendendo á distribución sectorial, o **cadro 2.5.4.** reflicte que o 77,9% das empresas consideradas pertencen ó sector

servizos, sendo as ramas de actividade máis importantes as de “Venda, mantemento e reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores e artigos de uso doméstico”, que acollen o 31,4% das empresas galegas, “Actividades inmobiliarias e de alugueiro; servizos empresariais”, co 15,0%, e as de “Hostalería”, co 11,9%. O sector da construción acolle o 13,3% das empresas galegas, e o sector industrial o 8,8%.

Se se consideran as empresas con sede social fóra de Galicia, o devandito cadro reflicte un maior peso relativo do sector servizos, ó acolle-lo 79,6% destas empresas, fronte ó 13,2% de empresas pertencentes ó sector da construción e o 7,2% ó sector industrial. As ramas de actividade máis importantes son, ó igual que no caso do conxunto de empresas galegas, as de “Venda, mantemento e reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores e artigos de uso doméstico”, que acollen o 35,3% das empresas galegas, “Actividades inmobiliarias e de alugueiro; servizos empresariais”, co 19,9%. Asemade, cómpre salientar que a hostalería acolle o 4,2% das empresas (7,7 puntos porcentuais menos que para o conxunto de empresas galegas) e a industria manufacturera o 5,6% fronte ó 8,4% do total galego.

## Datos do Rexistro Mercantil

O número de sociedades mercantís constituídas en Galicia experimentou ó longo do ano 2003 unha medra de 72 sociedades máis que en 2002 (un 1,4% máis). O **cadro C.2.16.** (*Sociedades constituídas nas CC.AA. 2002-03: distribución segundo a súa forma xurídica*) reflicte que no último ano constituíronse en Galicia un total de 5.405 sociedades mercantís (o 4,4% do total de sociedades mercantís constituídas no conxunto do Estado), sendo a sexta comunidade autónoma en canto ó número de sociedades creadas.

## 2.5.5.

Sociedades que suspendieron pagamentos nas CC.AA. 2002-03: distribución segundo a súa forma xurídica

	Anónimas		Limitadas		Outras		Total	
	2002	2003	2002	2003	2002	2003	2002	2003
Andalucía	9	5	10	9	-	-	19	14
Aragón	1	1	4	5	2	-	7	6
Asturias	-	2	5	6	-	-	5	8
Baleares	-	1	-	-	-	-	-	1
Canarias	-	-	1	-	-	-	1	-
Cantabria	-	1	-	1	-	-	-	2
Castela -A Mancha	2	-	4	-	1	1	7	1
Castela e León	4	4	7	3	-	1	11	8
Cataluña	29	27	29	27	-	1	58	55
C. Valenciana	10	7	16	19	-	-	26	26
Extremadura	4	1	2	1	-	-	6	2
Galicia	5	5	2	4	-	-	7	9
A Coruña	-	3	-	1	-	-	-	4
Lugo	-	-	-	2	-	-	-	2
Ourense	-	-	-	-	-	-	-	-
Pontevedra	-	2	-	1	-	-	-	3
Madrid	13	24	8	16	3	2	24	42
Murcia	-	2	1	1	-	1	1	4
Navarra	-	-	-	-	-	-	-	-
País Vasco	5	13	10	5	1	-	16	18
A Ríoxa	-	-	-	3	-	-	-	3
<b>Total</b>	<b>82</b>	<b>93</b>	<b>99</b>	<b>100</b>	<b>7</b>	<b>6</b>	<b>188</b>	<b>199</b>

Fonte: Registro Mercantil Central

Neste ano catro comunidades autónomas, Cataluña, Madrid, Andalucía e C. Valenciana, acollen o 67,3% do total das novas sociedades.

O capital subscrito polo conxunto de sociedades creadas en Galicia no 2003 ascendeu a 280,3 millóns de euros (o 3,1% do capital subscrito en España), do que foi desembolsado un total de 275,6 millóns de euros (o 3,2% do total estatal).

Atendendo á desagregación provincial, A Coruña e Pontevedra acollen o 81,6% das sociedades constituídas en Galicia.

Se se considera como indicador da taxa de creación de empresas a ratio “número de sociedades constituídas/10.000 habitantes”, as comunidades autónomas de Baleares, Canarias, Cataluña, C. Valenciana, Madrid e Murcia presentan unha ratio superior á media estatal (29,9 sociedades constituídas por cada dez mil habitantes). Esta taxa de creación de empresas en Galicia acada un valor de 19,6 sociedades, tan só por diante de Asturias, Cantabria, Castela e León e Extremadura.

O número de **suspensións de pagamentos** rexistradas en Galicia descendeu ó longo do ano 2002, rexistrándose un total de nove suspensións fronte ás sete do ano anterior. Destas nove suspensións, **cadro 2.5.5.**, cinco corresponden sociedades anónimas e catro a sociedades limitadas. O peso relativo das suspensións rexistradas no total estatal foi do 4,5% fronte ó 3,7% do ano 2002.

No concernente ás **quebras** de sociedades, **cadro 2.5.6.**, no ano 2003 rexistráronse un total de 17 quebras (nove en A Coruña e oito e Pontevedra), o que significa que Galicia acolle o 2,5% do total das quebras rexistradas no conxunto do Estado. Destas quebras, oito corresponden a quebras de sociedades limitadas e a sociedades anónimas.

Finalmente, no ano 2003 producíronse en Galicia 520 **extincións** de sociedades mercantís, o que representa o 4,5% do total das extincións rexistradas en España. Atendendo á súa forma xurídica, 364 extincións corresponderon a sociedades limitadas (o 70,0%) mentres que as extincións de sociedades anónimas ascendeu a

2.5.6.

**Quebras de sociedades nas CC.AA. 2002-03: distribución segundo a súa forma xurídica**

	Anónimas		Limitadas		Outras		Total	
	2002	2003	2002	2003	2002	2003	2002	2003
Andalucía	4	6	10	12	4	2	18	20
Aragón	5	-	6	5	5	2	16	7
Asturias	5	7	11	12	5	2	21	21
Baleares	2	2	12	19	3	8	17	29
Canarias	1	2	4	2	1	-	6	4
Cantabria	-	2	1	2	-	1	1	5
Castela - A Mancha	1	2	8	5	-	1	9	8
Castela e León	7	5	14	13	2	1	23	19
Cataluña	74	73	190	236	4	5	268	314
C. Valenciana	10	6	22	44	5	7	37	57
Extremadura	1	2	1	3	-	-	2	5
<b>Galicia</b>	<b>3</b>	<b>8</b>	<b>10</b>	<b>8</b>	<b>-</b>	<b>1</b>	<b>13</b>	<b>17</b>
A Coruña		7		2		-	8	9
Lugo		-		-		-	-	-
Ourense		-		-		-	-	-
Pontevedra		1		6		1	3	8
Madrid	35	36	37	39	14	18	86	93
Murcia	3	2	1	5	-	2	4	9
Navarra	-	-	-	-	-	-	-	-
País Vasco	24	33	53	33	12	9	89	75
A Rioxa	-	-	2	2	1	1	3	3
<b>Total</b>	<b>175</b>	<b>186</b>	<b>382</b>	<b>440</b>	<b>56</b>	<b>60</b>	<b>613</b>	<b>686</b>

Fonte: Registro Mercantil Central

2.5.7.

**Disolucións de sociedades nas CC.AA. 2002-03: distribución segundo a súa forma xurídica**

	Anónimas		Limitadas		Outras		Total	
	2002	2003	2002	2003	2002	2003	2002	2003
Andalucía	304	343	801	875	207	188	1.312	1.406
Aragón	46	40	288	315	75	101	409	456
Asturias	26	30	140	146	56	64	222	240
Baleares	103	111	306	296	48	76	457	483
Canarias	37	37	251	253	72	85	360	375
Cantabria	22	19	51	61	37	20	110	100
Castela -A Mancha	22	34	239	211	73	62	334	307
Castela e León	59	61	317	334	78	84	454	479
Cataluña	661	472	884	977	104	96	1.649	1.545
C. Valenciana	120	122	944	1.021	312	341	1.376	1.484
Extremadura	20	22	120	114	46	40	186	176
<b>Galicia</b>	<b>51</b>	<b>55</b>	<b>344</b>	<b>364</b>	<b>87</b>	<b>101</b>	<b>482</b>	<b>520</b>
A Coruña		27		143		41	201	211
Lugo		5		33		13	45	51
Ourense		2		43		4	52	49
Pontevedra		21		145		43	184	209
Madrid	799	733	1.410	1.479	563	568	2.772	2.780
Murcia	1.287	20	157	168	80	29	1.524	217
Navarra	32	22	95	101	8	7	135	130
País Vasco	192	147	504	482	115	122	811	751
A Rioxa	19	16	49	48	7	11	75	75
Ceuta e Melilla	-	3	-	8	-	1	-	12
<b>Total</b>	<b>3.800</b>	<b>2.287</b>	<b>6.900</b>	<b>7.253</b>	<b>1.968</b>	<b>1.996</b>	<b>12.668</b>	<b>11.536</b>

Fonte: Registro Mercantil Central



55 (un 10,6%). Por provincias, o maior número de extincións rexistráronse en A Coruña, con 211 extincións, seguida de Pontevedra, con 209, e de Ourense e Lugo, con 51 e 49, respectivamente.

### Trazos de competitividade das empresas galegas

A análise dos trazos de competitividade das empresas galegas partirá dos datos das empresas seleccionadas por Ardán en función dos seguintes criterios: empresas que teñen a súa sede social en Galicia, que a súa facturación excede de 300.000 de euros en 2002, cumpren coas súas obrigacións rexistradas e se dispón de datos para tres anos consecutivos.

Seguindo a metodoloxía do servizo de información Ardán, á hora de analiza-la competitividade das empresas galegas, estas pódense dividir en empresas gacela, empresas de alto rendemento; empresas xeradoras de riqueza; e, finalmente, en empresas de alta produtividade.

Das 11.379 empresas que cumpren os criterios mencionados (exclúense as empresas financeiras pola súa peculiaridade), un total de 482 empresas, analizadas desde 2000 a 2002, son consideradas **empresas gacela** (aquelas que aumentan o seu volume de negocio de forma continuada, ó longo dun período de alomenos 3 anos consecutivos, por encima do 25% de incremento anual, durante cada un dos tres anos). Destas 482 empresas, un total de 110 empresas multiplican o seu volume de negocios por máis de tres, das que 27 empresas o fan por máis de 5. O crecemento medio dos ingresos experimentado por este tipo de empresas foi, en termos relativos, de 59,7% no período 2000-2002.

Atendendo á desagregación por sectores, o **cadro 2.5.8.** reflicte que os tres sectores máis importantes son os de cons-

trucción, comercio por xunto e fabricantes, que acollen ó 69,2% das empresas gacela consideradas por Ardán. No grupo das actividades de construción salientan os contratistas xerais, os promotores de obras e as instalacións eléctricas e o sector de escavacións e cimentos. No grupo da distribución por xunto, cómpre destacalos comerciantes por xunto de peixes e mariscos, a distribución de comestibles e produtos relacionados e os de materiais para a construción, namentres que entre as actividades de fabricación salientan os traballos de carpintería metálica, os fabricantes de conservas de peixe e froitos do mar e as empresas da industria da pedra

Xunto a estas empresas gacela, hai un total de 244 **empresas de alto rendemento** (aquelas que conseguen unha rendibilidade económica media de alomenos o 25%, nun período mínimo de tres anos, e sempre e cando en ningún ano obtivera unha rendibilidade económica inferior ó 15%) que presentan unha rendibilidade económica nos anos 2000, 2001 e 2002 do 37,5%, 33,0% e o 33,5%, sucesivamente.

En canto á súa distribución por sectores, o **cadro 2.5.8.** reflicte que a meirande parte das mesmas están emprazadas en dous grandes sectores, o das actividades de servizos e os de fabricación, que acollen o 54,5% das empresas consideradas de alto rendemento. No primeiro caso salientan as oficinas técnicas de enxeñaría e arquitectura, e o sector de máquinas tragaperras para recreo, así como as empresas de asesoría e relacións públicas e servizos comerciais. No segundo caso cómpre salienta-las empresas no sector de fabricación de artigos plásticos diversos, fabricación de produtos confeccionados de téxtiles, ou o sector de traballos de carpintería metálica, así como na construción e reparación de buques.

En relación ás **empresas xeradoras de riqueza** (aquelas que cumpren os

2.5.8.

Trazos de competitividade das empresas galegas 2002

	Empresas Gacela (1)		Empresas de alto rendemento (2)		Empresas xeradoras de riqueza (3)		Empresas de alta produtividade (4)	
	Número	(% / total)	Número	(% / total)	Número	(% / total)	Número	(% / total)
Construcción	149	30,9	41	16,8	13	15,9	49	28,3
Fabricantes	100	20,7	63	25,8	33	40,2	30	17,3
Maioristas	85	17,6	27	11,1	11	13,4	41	23,7
Servizos	60	12,4	70	28,7	6	7,3	15	8,7
Transportes, comunicacións e serv. públicos	41	8,5	18	7,4	8	9,8	11	6,4
Detallistas	29	6,0	15	6,1	8	9,8	22	12,7
Agricultura, silvicultura, gandería e pesca	12	2,5	7	2,9	1	1,2	3	1,7
Minería	6	1,2	3	1,2	2	2,4	2	1,2
<b>Total</b>	<b>482</b>	<b>100</b>	<b>244</b>	<b>83</b>	<b>82</b>	<b>100</b>	<b>173</b>	<b>100</b>

(1) aquela empresa que aumenta o seu volume de negocio de forma continuada, durante un período de polo menos 3 anos consecutivos, cun incremento anual superior ó 25%, durante cada un dos 3 anos

(2) aquela empresa que consegue unha rendibilidade económica media de polo menos o 25%, nun período mínimo de 3 anos e sempre e cando en ningún ano obtivera unha rendibilidade económica por debaixo do 15%

(3) aquela empresa que ten un valor económico engadido positivo durante o período de análise, que o VEB de 2000 sexa superior a 150.000 euros e que o crecemento do VEB debe ser do 10% durante os 3 anos de estudo

(4) aquela empresa que durante os 3 anos consecutivos obtén un VEB por empregado dentro do 25% das mellores empresas do gran sector e este crece por riba do 10% durante cada un dos tres anos consecutivos do período de estudo.

Fonte: Ardán

## 2.5.9.

**Certificación da calidade das empresas galegas 2002: distribución segundo localización e tamaño das empresas**

Ingresos de explotación	Galicia		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra	
		(%)		(%)		(%)		(%)		(%)
300.000 euros - 1 millón euros	99	11,6	36	10,6	11	15,5	12	16,9	40	10,8
1 - 3 millóns de euros	278	32,6	106	31,2	24	33,8	15	21,1	133	35,8
3 - 5 millóns de euros	118	13,8	49	14,4	11	15,5	13	18,3	45	12,1
5 - 20 millóns de euros	249	29,2	104	30,6	19	26,8	21	29,6	105	28,2
máis de 20 millóns de euros	110	12,9	45	13,2	6	8,5	10	14,1	49	13,2
<b>Total</b>	<b>854</b>	<b>100</b>	<b>340</b>	<b>100</b>	<b>71</b>	<b>100</b>	<b>71</b>	<b>100</b>	<b>372</b>	<b>100</b>

(1) A mostra está formada por empresas con datos de 2002 e unha facturación superior a 300.000 euros. Dada a súa peculiaridade, o estudo non incorporou nin as empresas financeiras nin os organismos oficiais.

Fonte: Ardán

## 2.5.10.

**Certificación de calidade das empresas galegas 2002: distribución segundo sector**

	Nº de empresas	(% / total)
Fabricantes	352	41,2
Construcción	151	17,7
Transportes, comunicacións e servizos públicos	115	13,5
Maioristas	99	11,6
Servizos	83	9,7
Detallistas	39	4,6
Minería	10	1,2
Agricultura, silvicultura, gandería e pesca	5	0,6
<b>Total</b>	<b>854</b>	<b>100</b>

(1) A mostra obxecto de análise está composta por empresas cunha facturación superior ós 300.000 euros en 2002. Non se incorporan as empresas financeiras nin os organismos oficiais dada a súa peculiaridade.

Fonte: Ardán

seguintes tres requisitos: crean un valor positivo para o accionista no período 2000-02; o valor engadido bruto de 2000 debe ser superior ós 150.000 euros; e, finalmente, o crecemento do VEB debe ser do 10% durante os tres anos), Ardán considera que hai un total de 82 empresas, emprazadas principalmente no sector de fabricantes, que acolle ó 40,2% das mesmas.

Dentro destas actividades de fabricación salientan as relacionadas cos recambios e pezas de motor, traballos de carpintería metálica, artigos plásticos diversos, bebidas refrescantes non alcohólicas e augas minerais, estrutura de madeira, maquinaria e equipamento industrial e produtos confeccionados con téxtiles.

Finalmente, hai que considerar un total de 173 **empresas de alta productivi-**

**dade** (aquela que durante tres anos consecutivos obtén un valor engadido bruto por empregado dentro do 25% das mellores empresas do gran sector e este valor crece por riba do 10%, durante cada un dos tres anos consecutivos do período de estudo), emprazadas principalmente nas actividades de construción e distribución por xunto, que acollen ó 51,2% das empresas consideradas.

Xunto a estes cualificadores de distintos trazos da competitividade empresarial os **cadros 5.4.9. e 5.4.10.** amosan unha serie de datos de empresas con certificación de calidade. Tendo en conta a mostra analizada por Ardán –empresas con datos de 2002 e unha facturación superior a 300.000 euros, non tendo en conta nin as empresas financeiras nin os organismos oficiais- Pontevedra, con 372 empresas (o 43,6% das empresas con cer-

tificación de calidade consideradas na mostra) é a provincia co maior número de empresas con este indicador, seguida de A Coruña con 340 (o 39,8%).

Atendendo ó tamaño das empresas, medido en termos dos ingresos de explotación, das 854 empresas galegas con certificación de calidade consideradas segundo a metodoloxía empregada polo Ardán, o 32,6% das empresas (278 empresas) facturaron entre un e tres millóns de euros, e un 29,2% (249 empresas) entre cinco e vinte millóns de euros.

Das empresas con razón social en Galicia que posúen a certificación de calidade, o 41,2% das mesmas pertencen ó grupo dos fabricantes. Dentro deste sector, cómpre salienta-las actividades da fabricación de metal agás maquinaria e equipo de transporte (particularmente os traballos de carpintería metálica), e as actividades da industria alimentaria (sobresae a fabricación de conservas de peixe e froitos de mar) (**cadro 2.5.10.**) ■